

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE  
CESAR  
CURSOS: 1º,2º,3º,4º,5º e 6º DE EDUCACIÓN  
PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE:

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**  
**1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

<b>CRITERIO DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
Valorar a Creación, a bondade e a paternidade de Deus.	1.1. Coñece, respecta e cuida a obra creada. CCH, CCL
Descubrir que Deus é Pai e nos cuida.	2.1. Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus. CCL,CCH
Recoñecer a mensaxe e as ensinanzas dalgunhas parábolas de Xesús.	3.1. Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus. CCH, CCL,CAA
Saber aplicar á propia vida os valores e as virtudes que xorden das ensinanzas de Xesucristo.	3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento. CCL, CAA, CSC, CH
Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.	1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: cuidado, protección, acompañamento, colaboración, etc. CCL, CH, CAA
Comprender e respectar o domingo, día do Señor.	1.1. Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús. CSC, CH, CST
Saber e valorar a Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa.	2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da pasión, morte e resurrección de Xesús. CSC, CST, CH

**2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a él e as persoas do seu contorno. CCH, CCL
Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.	2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir. CCH, CCL
Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	3.1. Valora e agradece que Deus creouno para ser feliz. CCH, CCL, CAA
Tomar conciencia de que o Pai xera a unidade da Igrexa.	4.2. Identifica e representa graficamente os dons que Deus fai ao home na creación. CST CH
Identificar o significado profundo do Nadal.	1.2. Selecciona e representa distintas esceas bíblicas da acción de Deus na historia. CCH, CH, CCL
Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida. CSC

### 3º EDUCACION PRIMARIA

Valorar a Creación, a bondade e a paternidade de Deus.	1.1. Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo CCL CCH
Descubrir que Deus é Pai e nos coida.	1.2. Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido. CCL CCH
Apreciar o amor de Deus ao home e á súa creación.	2.1. Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz. CCL
Recoñecer a mensaxe e as ensinanzas dalgunhas parábolas de Xesús.	3.2. Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos. CSC, CST, CH
Saber aplicar á propia vida os valores e as virtudes que xorden das ensinanzas de Xesucristo.	1.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús. CCL CCH
Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.	2.2. Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores. CH, CSC, CST
Comprender e respectar o domingo, día do Señor.	2.2. Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío. CSC CCL CAA
Saber e valorar a Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa.	

### 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Identificar a necesidade do perdón para ser felices.	1.2. Califica o tipo de pecado en situacións do seu entorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas. CCH CCL
Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	2.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan do perdón CAA CCH CCL
Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus en algúns relatos bíblicos. CH, CCL, CST
Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.	1.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano. CH CCL CAA
Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	3.1. Busca, subliña e comenta rasgos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos. CH, CCH, CST, CSC, CAA
Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística. CST, CE, CAA

## 5º EDUCACION PRIMARIA

Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa humana con desexo de ben	
Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	2.2 Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos. CCL CSC CH
Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.	3.1 Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento. CCH CCL CAA
Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos. CCL, CSC, CST
Comprender que Deus rescata a Xesús da morte	3.3 Busca e explica signos e xestos da comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús. CCL CAA CSC
Coñecer e respectar a composición da Igrexa.	1.1 Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial. CCH CCL CAA

## 6º EDUCACION PRIMARIA

Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1. Identifica e xulga situacións nas que reconece a imposibilidade de ser feliz. CH CCL CSC
Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa. CH CCH CCL CAA
Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana.	1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal. CAA CCL CCH
Distinguir que a través de Xesús atopamos a Deus.	2.1. Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos. CSC, CH, CST, CAA
Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	2.1. Sinala e explica os principais signos pascuais. CST CCL

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Observación sistemática.
	<b>INSTRUMENTOS:</b> observación, revisión e seguimento de tarefas enviadas semanalmente, por exemplo, fichas, debuxos, encrucillados, sopas de letras, tarxetas.
<b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>	A <b>cualificación final</b> do curso será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións. As tarefas realizadas durante o terceiro trimestre sempre terán unha valoración positiva.

<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>ACTIVIDADES</b>	Pese a peculiaridade da situación tentaremos manter os principios metodolóxicos indicados nas programacións, se ben en certos momentos non será posible aplicar certos principios, pola imposibilidade de levar a cabo certas tarefas que impliquen a presenza física e a interacción do alumnado. Semanalmente envíanse á inspección educativa copia das actividades realizadas. As actividades do terceiro trimestre foron de reforzo e repaso, actividades relacionadas cos estándares marcados no apartado 1, basicamente contos, fichas para cubrir e colorear, lecturas e elaboración de tarxetas relacionadas con festividadeas relixiosas. encrucillados, sopas de letras, cómic.
<b>METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Ante unha situación como a actual, non todas as familias contan cos mesmos recursos para poder afrontar as propostas establecidas. Por esa razón, artellamos as seguintes medidas compensatorias, e que permiten adaptarse a cada situación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Todas as propostas enviadas contan tamén coa súa explicación por escrito. Nalgún caso están sendo entregadas polo servizo gratuito ofertado polo Concello, e do que foron informadas as familias facendo o centro e os docentes de mediadores para que lle fagan chegar as propostas impresas. Envíanse e recóllense semanalmente.</li> <li>• As tarefas envíanse o día anterior (ás 20.00 h. aproximadamente) ao correo gmail que se creou para dar respostas ás necesidades que estamos a vivir.</li> <li>• Non se establece un horario fixo para a realización das tarefas, senón que se propoñen de xeito que poidan levarse a cabo no momento en que cada familia o considere.</li> </ul> <p>Ofrécense manuais de uso de ferramentas (por exemplo: Abalar móbil, Snappet,...), así como un asesoramento individualizado ante as dúbidas técnicas que teñan, tanto en relación ás ferramentas tecnolóxicas a empregar así como das propostas</p>

	feitas. Gran variedade de canles de comunicación coas familias tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos.
<b>Materiais e recursos</b>	Todas as propostas de actividades implican, en principio, contar con recursos TIC para o acceso ás mesmas. Puxémonos en contacto coas familias para saber se podían acceder ás propostas polo menos a través do móbil, ordenador ou tablet. Observamos que a gran maioría está accedendo sen problema. En todo momento se evitou un trato desigual derivado do uso das tecnoloxías.

<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	
<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	<p>O procedemento empregado para informar ás familias foi:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Espazo Abalar- Abalar Móbil: <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A través do sistema de mensaxería mantemos a comunicación con todas as familias.</li> <li>➤ Mensaxes individuais, con resposta activada, para manter con o contacto directo coas familias.</li> <li>➤ Acceder ás cualificación trimestrais dos alumnos/as.</li> </ul> </li> <li>• Correo electrónico.</li> <li>• Páxina web do centro.</li> <li>• Teléfono.</li> <li>• Videoconferencias.</li> <li>• Calquera outra vía de comunicación que facilite ás familias o contacto, habida conta da situación excepcional que estamos a vivir: Facebook, WhatsApp...</li> </ul>
<b>PUBLICIDADE</b>	Este documento será colgado na páxina web do centro para o coñecemento público de toda a comunidade para o cal falicitamos o enlace: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanclementecesar/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanclementecesar/</a>

ADAPTACION DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: CEIP PLURILINGUE SAN CLEMENTE DE CESAR CURSO: EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA
--	---------------	--